

PARTICIPACIÓN NAS VIII XORNADAS INTERDISCIPLINARES DE FAGAL



Os días 20 e 21 de novembro de 2010 celebráronse no hotel Carlos I de Sanxenxo as VIII xornadas formativas de fagal, como tódolos anos trátase de fomentar un espazo de interrelación entre tódolos distintos profesionais que traballan en cada asociación,

As xornadas deste ano, estiveron inauguradas pola Conselleira de sanidade, Dona Pilar Farjas, na súa intervención a conselleira destacou que: *“ esta doenza, ao igual que moitas que xeran dependencia na persoa, teñen implicacións en todas as esferas do enfermo e da súa familia”*.

Durante estos días celebráronse as seguintes actividades.

Sábado 20:

- Charla inaugural Dona Fernanda López Crecente Subdirectora xeral de xestión socio-sanitaria e saúde mental: “Políticas sociais no eido da atención a persoas con demencia”.
- D. Andrés Vázquez, Presidente da Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía: “ Atención sociocomunitaria ás persoas con demencia en Galicia”
- Obradoiro: D. Stephan Biel e Dna. Eva Fernández (Tioman & partners): “ Técnicas de traballo en equipo”.

Domingo 21:

- Proxección do video: “Bicicleta, cuchara, manzana”
- Relatorio: Dna. Ana Frank, Xefa do servizp de neuroloxía do Hospital de La Paz (Madrid): “ Retos comíns e estratexias específicas no tratamento das demencias”.